



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE TRABALLO**  
**Secretaría Xeral**



**fundación 10 de marzo**  
sindicato nacional de cc.oo. de galicia

**Martes, 18 de novembro de 2008**  
**ás 19:30 horas**

**na Casa do Libro de Vigo, r/ Velázquez Moreno, 27**

presentación por parte da  
Fundación 10 de Marzo, en colaboración coa  
Consellaría de Traballo e a Unión Comarcal de  
CCOO de Vigo do libro:  
*Manuel Barros Fernández*  
*O rapás da aldea. Memorias dun traballador*  
*(1918-1976)*



**comisións obreiras**  
**de vigo**

«As traballadoras e os traballadores protagonizaron moitas páxinas da Historia. Manuel Barros Fernández foi un deses protagonistas, aínda que o seu nome non apareza nos libros de Historia, e moito menos na capa deses volumes.

Da man da Fundación 10 de Marzo chega ao lector o libro *Manuel Barros Fernández. O rapás da aldea. Memorias dun traballador (1918-1976)*, asinado por Manuel Barros Fernández, un galego que viviu o século XX como traballador. Un século que o marcou porque sufriu unha guerra civil e unha longa ditadura, a franquista. O que nos narra Manuel Barros é todo iso, que non é pouco, pero tamén é moito máis porque nos fala da súa vida, dos traballos e dos días. A súa foi unha existencia difícil, marcada polas dificultades e as enfermidades; pero tamén tinxida polos mellores sentimentos do ser humano. Ao cabo e á conta, as súas *Memorias* son escaparate da vida cotiá da Galicia que lle tocou vivir.

*O rapás da aldea* é, xa que logo, un libro pouco frecuente, tanto polos seus contidos como polo seu narrador. Por iso, estou convencido, as *Memorias* de Barros axudan a desmestar os camiños da historiografía galega. Atrás do seu virán outros testemuños semellantes.

Manuel Barros foi ante todo un traballador, velaí o seu valor. Porque a súa historia é coma a doutras moitas persoas, coma a doutros moitos traballadores que son e serán protagonistas de moitas páxinas da Historia.»

Ricardo VARELA SÁNCHEZ  
Conselleiro de Traballo

*O rapás da aldea. Memorias dun traballador (1918-1976) está editado pola Fundación 10 de Marzo e a Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia, en colaboración coa Red de Archivos e Investigadores de la Escritura Popular*

A Fundación 10 de Marzo, en colaboración coa Unión Comarcal de CCOO de Vigo e a Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia, presenta o vindeiro 18 de novembro ás 19:30 horas na Casa del Libro de Vigo (rúa Velázquez Moreno, 27) o libro *Manuel Barros Fernández. O rapás da aldea. Memorias dun traballador (1918-1976)*.

**Presentación do acto:**


**Víctor Manuel Santidrián Arias**  
*Fundación 10 de Marzo*

**Intervencións de:**

**Xosé Cameselle Romero**  
Secretario xeral da Unión Comarcal de CCOO de Vigo

**Carlos Barros Guimeráns**  
Universidade de Santiago de Compostela

**José Vázquez Portomeñe**  
Secretario xeral da Consellaría de Traballo



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE TRABALLO**  
**Secretaría Xeral**

Martes, 18 de novembro de 2008  
ás 19:30 horas  
na Casa do Libro de Vigo, r/ Velázquez Moreno, 27

presentación por parte da  
Fundación 10 de Marzo, en colaboración coa  
Consellaría de Traballo e a Unión Comarcal  
de CCOO de Vigo do libro:

*Manuel Barros Fernández*  
*O rapás da aldea. Memorias dun traballador*  
*(1918-1976)*

# Fundación 10 de Marzo

r/ Vía Pasteur, nave 45-B, Polígono do Tambre.15890  
Santiago de Compostela.Tfno e fax: 981 574 082  
[www.galicia.ccoo.es/f10m](http://www.galicia.ccoo.es/f10m)  
[f10m.sn@galicia.ccoo.es](mailto:f10m.sn@galicia.ccoo.es)